



O Parlamento de Galicia acolle a entrega da XXI edición dos Premios de Publicidade en Galego

- Miguel Santalices, vicepresidente co Parlamento, afirma que “o galego vende” e “ten tirón entre os consumidores”
- O Parlamento de Galicia acolleu o acto organizado polo Consello Asesor de RTVE-G e CRTVG no que foron premiados o spot “Faite amigo da Catedral”, da Fundación Catedral de Santiago de Compostela; “O son da nosa fala” de Radio Lugo; e o anuncio “Maxia Verde”, de Aceites Abril

Santiago, 14 de maio de 2014.- O Parlamento de Galicia acolleu esta tarde a entrega da XXI edición dos Premios de Publicidade en Galego 2013, organizada, como cada ano, polo Consello Asesor de RTVE-G e CRTVG.

O vicepresidente primeiro da Cámara, Miguel Santalices, presidiu o acto, no que destacou que “por fortuna, falar de publicidade en galego pasou de ser un feito anecdótico ou puntual a converterse en algo frecuente”. Santalices atribuíu esta realidade a factores como “a valentía das empresas anunciadas; a profesionalidade dos homes e mulleres que traballan no mundo da publicidade e que aconsellan aos seus clientes o uso da nosa lingua, e o efecto de arrastre liderado, no seu momento, polos medios de comunicación de titularidade pública e as propias institucións”.

Sen embargo, a xuízo do vicepresidente do Parlamento autonómico, detrás desta realidade subxace outro feito: “o galego vende e ten tirón entre os consumidores, porque é unha lingua normalizada e de uso cotiá nun país no que podemos facer gala –e a facemos- de bilingüismo harmónico e cordial”.



Premiados

No acto desta tarde entregáronse os seguintes premios:

- Premio de Publicidade en Galego na modalidade de Internet: o premio é para o spot “Faite amigo da Catedral” da Fundación Catedral de Santiago de Compostela, elaborado polas axencias Arraianos, Arxuina, Meteórica e Planomedia, e presentado por Arraianos.
- Premio de Publicidade en Galego na modalidade de Radio: o galardón distingue o reclamo publicitario “O son da nosa fala”, elaborado e presentado por Radio Lugo.
- Premio de Publicidade en Galego na modalidade de Televisión: resulta premiado o anuncio “Maxia Verde” de Aceites Abril, elaborado e presentado pola axencia Imaxe.

Desde 1993

A esta edición dos Premios de Publicidade en Galego presentáronse 117 traballos. Os Premios de Publicidade en Galego naceron en 1993 e foron creados polo Consello Asesor de RTVE-G e da CRTVG co obxectivo de promover a realización de anuncios en lingua galega.

O acto celebrado esta tarde no Parlamento de Galicia contou tamén coa participación da vicepresidenta segunda da institución, María Soledad Soneira; o presidente e conselleiros do Consello Asesor de RTVE-G e CRTVG, os secretarios xerais de Política Lingüística e de Cultura e o director xeral de Comunicación da Xunta, así como o presidente e deputados da Comisión parlamentaria de Control da CRTVG. Entre os asistentes atopábanse representantes de empresas de publicidade, así como das entidades premiadas.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.